

ACTA DA REUNIÓN CO COMITÉ DA FOLGA CONVOCADA PARA O DÍA 25 DE MARZO.

Na Reitoría da Universidade da Coruña, sendo as 9:00 horas do día 17 de marzo, reúnense os representantes da Universidade da Coruña (xerente e secretario xeral) co Comité de folga do personal laboral da UDC, integrado por José Antonio Boado Sexto, José Manuel Suárez, Xosé Portela, Pedro Monteserín, Javier López, Juan Carlos Muñiz, María Teresa Rey e Ana María Rodríguez Barba, Manuel Ríos e Jesús Puente e Manuel Romero.

A xerente somete á consideración do Comité de Folga a proposta de servizos mínimos para a folga do día 25 de marzo: unha persoa por centro e unha persoa na centralita do Campus da Coruña.

Toma a palabra Xosé Portela para indicar que esta proposta suporía que o 50% do grupo 4B non podería ir á folga, polo que non o considera aceptable.

Faise a proposta de que se vaia centro por centro:

Facultades e escolas dos Campus de Ferrol e Coruña: unha persoa por centro.

Vicerreitoría de Ferrol e edificio de despachos: unha persoa.

Riazor: unha persoa para os dous edificios (CUR e Normal).

Elviña I: unha persoa.

Elviña II: unha persoa.

SAPE: unha persoa.

Reitoría: unha persoa.

Arquitectura e edificio de departamentos: unha persoa.

Telefonía: unha persoa.

Unha vez acadado este acordo, abórdase o criterio para designar o servizo mínimo de cada centro anteriormente designado, acordándose que sexa o da persoa con menos antigüidade no centro de traballo e na quenda de mañán, coa posibilidade de cambio voluntario entre os compañeiros/as.

A seguir, o secretario expón que, do punto de vista da celebración do Claustro, a UDC pretende pactar a ordenada celebración do mesmo, sen prexuízo das actividades reivindicativas e de visibilización que os folguistas pretendan levar a cabo. Os representantes indican que non é a súa intención ir alén do que é habitual neste tipo de actividades reivindicativas na UDC.

Sen máis acordos, levántase a sesión, sendo as 9:40 minutos.